

**ORIENTACIÓNS PARA A PROBA DE CULTURA AUDIOVISUAL II
(ABAU PARA O ACCESO NA UNIVERSIDADE NO CURSO 2021-2022)**

Agradécese un ano máis aos integrantes do Grupo de Traballo da materia “Cultura Audiovisual II”, nas probas da ABAU que darán acceso á Universidade no curso 2021-2022, a súa inestimable colaboración e dispoñibilidade.

Criterios de avaliación e estrutura da proba

Como se contempla na normativa (DOG nº 120: Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e sucesivas resolucións da Xunta de Galicia sobre o deseño da proba¹), avaliaranse os coñecementos e a capacidade de razoamento do alumnado en torno á Cultura Audiovisual. Sen embargo, e aínda que estaba previsto que fose só provisionalmente polas circunstancias tan excepciónais vividas no curso pasado, atendemos a recomendación de manter o modelo de exame un ano máis debido a situación derivada da Covid-19. Neste senso, a proba deséñase cun alto nivel de opcións para que o alumnado teña a oportunidade de elixir entre os contidos da materia que mellor teña cursado. O MODELO DE EXAME consta de 4 preguntas de 5 puntos cada unha, das que poderá responder un MÁXIMO DE 2:

a) Pregunta 1: Un exercicio no que o alumnado deberá demostrar a súa capacidade interpretativa e crítica, de expresión e síntese, así como a asimilación teórico-práctica de conceptos básicos da materia. Proponse un exercicio de interpretación de imaxe (denotativa e connotativa). O alumnado debe responder a todas as cuestións que se plantexan. Pode facelo respondendo por apartados, ou pode facer unha resposta conxunta. Esta pregunta valorarase cun máximo de **5 puntos**.

b) Pregunta 2: Ofértanse un total de 10 cuestións das que o alumnado debe escoller un máximo de 5. Trátase de preguntas de resposta breve (non máis de 5-10 liñas), de diferente complexidade, sobre todos os contidos do temario. Esta parte da proba valorarase cun máximo de **5 puntos**.

c) Pregunta 3: Pedirase a explicación dun tema (a imaxe só será un apoio visual para que o alumnado identifique o tema entre todos os contidos da materia). O alumnado pode respostar a cada apartado da pregunta, ou facer unha resposta conxunta. Esta parte da proba valorarase cun máximo de **5 puntos**.

d) Pregunta 4: Igual que no caso anterior, pedirase a explicación dun tema (a imaxe só será un apoio visual para que o alumnado identifique o tema entre todos os contidos da materia). O alumnado pode respostar a cada apartado da pregunta, ou facer unha resposta conxunta. Esta parte da proba valorarase cun máximo de **5 puntos**.

Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2020

A directora do Grupo de Traballo

Ana Isabel Rodríguez Vázquez (Universidade de Santiago de Compostela)

A subdirectora do Grupo de Traballo

Berta García Orosa (Universidade de Santiago de Compostela)

¹ Última disponible no momento de redactar estas orientacións: DOG nº 86: Resolución do 28 de abril de 2020, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se modifica a Resolución do 26 de febreiro de 2020 pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2019/20, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2020/21.